

# FFOCO

FESTIVAL  
DE FOTOGRAFÍA  
DA CORUÑA

## PREMIO EDITORIAL DE FOTOGRAFÍA DOCUMENTAL GALEGA 2021

### ACTA DO XURADO

A Coruña, 6 de novembro de 2021

Reunido na sede da Fundación Luis Seoane na Coruña, o xurado, formado por Iván Díaz Nespereira, Xosé Lois Gutiérrez Faílde, Cibrán Rico López, Suso Vázquez Gómez e Diana Vilera, acordan, por unanimidade, outorgar o I Premio Editorial de Fotografía Documental Galega á obra «*Origen o cuando la marea baja*» de Ana Paes (A Guarda, 1982), valorando:

«*Origen o cuando la marea baja* é unha obra complexa, cunha profunda capacidade lírica, que é capaz de reunir e articular, nun mesmo discurso narrativo, unha historia sobre a viaxe e as búsquedas interiores que facemos no tránsito; un relato sobre as complicidades familiares e, por último, unha indagación sobre a memoria, sobre as súas distorsións e os seus reflexos no presente. A partir dunha declarada subxectividade, o traballo de Ana Paes non resulta hermético e, moi ao contrario, deixa espazo para que outro, e a súa alteridade, o interpreten e fagan propio. *Origen* consegue, ademais, dende unha aparente diversidade, crear unha imaxinario visual coherente —que funciona nas partes e no conxunto— e verdadeiramente fascinante».

O xurado quere, ademais, expresar o seu agradecemento e deixar constancia da alta calidade dos traballos finalistas presentados por Jacobo Ameneiro, Isra Cubillo, Roberto de la Torre, Rubén Gasalla e Ruth Montiel e desexa outorgar dúas mencións especiais aos traballos «*30'70/60'12'*» de Marta Valverde (Nigrán, 1994) e «*Manolo de Muro*» de Laure Mojo (Santiago de Compostela, 1985).